

José M^a. Alonso Meijide

Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización

Facultade de Ciencias. Universidade de Santiago de Compostela

Tfno: 982824057. Correo electrónico: josemaria.alonso@usc.es

Estimadas compañeiras e estimados compañeiros:

Como director do Grupo de Traballo de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, aproveito esta ocasión para enviar un saúdo e amosar a miña dispoñibilidade para calquera consulta ou suxestión.

No modelo de exame, como nas orientacións xerais, como nos criterios xerais de avaliación, buscouse o máximo acercamento posible aos acordos acadados en abril de 2025 pola Comisión Estatal de Matemáticas Aplicadas II para a harmonización da PAU, constituída a instancias da Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE). Como se pode observar no modelo, na PAU 2026 haberá algo menos de optatividade e algúns cambios en relación á PAU 2025 motivados por estes acordos. Nesta páxina web da CiUG, ademais do modelo de exame, aparece información adicional en dous documentos:

- Orientacións xerais
- Criterios xerais de avaliación

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán. Estas orientacións son case coincidentes coas de cursos anteriores, con pequenos cambios que non supoñen ningunha modificación sobre os contidos a impartir.

No documento “Criterios xerais de avaliación”, aparecen as puntuacións das catro preguntas do exame. Ao igual que no modelo da PAU 2025, o exame constará dunha primeira pregunta cun exercicio do bloque de Probabilidade e Estatística, obrigatorio e de carácter máis competencial, neste caso cunha puntuación de dous puntos. O segundo exercicio tamén será obrigatorio do bloque de Álgebra e cunha puntuación de dous puntos. O exercicio 3 corresponde ao bloque de Análise. Este exercicio ten un carácter máis competencial e consta de dous apartados a escoller un e cunha puntuación de tres puntos. O exercicio 4 ten dous apartados, un do bloque de Álgebra e outro do bloque de Estatística e Probabilidade, cada un deles con dous subapartados. O alumnado debe escoller un subapartado de cada bloque, cada un deles cunha puntuación de 1,5 puntos.

Sería conveniente que se comente co alumnado os Criterios xerais de avaliación da proba e tamén informallos de que das preguntas 3 (Análise) e 4 (Álgebra e Estatística e Probabilidade) deben elixir un único apartado na pregunta 3 e un subapartado de cada bloque na pregunta 4. No caso de resolver os dous apartados da pregunta 3 ou os dous

subapartados do mesmo bloque na pregunta 4, só se avaliará o primeiro exercicio que se responda.

Nas vindeiras semanas publicarase nesta páxina web un documento que conterá diversos exercicios de carácter máis competencial de probabilidade e estatística e de análise (exercicios 1 e 3). Esperamos que poidan resultar de utilidade para o profesorado e para o alumnado.

Por último, reitérase novamente a dispoñibilidade tanto da dirección do grupo de traballo como do resto das persoas que o conforman para solucionar calquera dúbida ou aclaración.

Un cordial saúdo.

Lugo, setembro 2025